



O Concello de Portomarín precisa cubrir, con carácter temporal, dous postos de traballo na categoría profesional de **CONDUCTOR MOTOBOMBA**, facendo uso da Bolsa de Emprego dispoñible nesta entidade (B.O.P. 19 de agosto de 2009).

Os requisitos que deberán cumprir as persoas aspirantes ó posto son os seguintes:

- Ter nacionalidade española, dun dos estados membros da Unión Europea ou dalgún dos estados nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Posee-la capacidade funcional para o desempeño das tarefas asociadas ó posto de traballo, é decir, non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico incompatible co desempeño das funcións inherentes ó posto<sup>1</sup>. (Segundo recomendacións do convenio de colaboración son excluíentes lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades infecciosas, obesidade, embarazo, cegueira e sordeira).
- Ter entre 18 anos e 60 anos (recomendacións do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Portomarín).
- Atoparse en situación de alta como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, non considerándose a demanda de mellora de emprego como tal.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. Os/as aspirantes con nacionalidade non española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- Estar en posesión do permiso de conducir Clase C. No caso de permiso obtido no extranxeiro acreditar a correspondente homologación polo organismo competente a tal efecto (Ministerio de Interior).

Duración do contrato: 09/07/2011 e 23/10/2011.

Tipo de xornada: Completa.

Unha vez efectuada a baremación das persoas anotadas na Bolsa de Emprego que cumpren os requisitos esixidos obtense a seguinte puntuación:

| APELIDOS          | NOME         | PUNTUACIÓN | SITUACIÓN       |
|-------------------|--------------|------------|-----------------|
| Arias Santaefemia | José Luis    | 0,40       | Dispoñibilidade |
| García Nogueira   | José Antonio | 0,25       | Dispoñibilidade |

As persoas interesadas disporán de tres días hábiles contados desde a data desta publicación no Taboleiro de Edictos do Concello de Portomarín e na páxina web de dita entidade para presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Desde esta entidade procederase a convocar as persoas interesadas segundo o estipulado na normativa da Bolsa de Emprego de Portomarín.

Portomarín, a 06 de xullo de 2011.

O Alcalde,  
  
Asdo. Juan Carlos López Serrano.

<sup>1</sup> As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións que os demais aspirantes, sen que se establezan exclusións por limitacións físicas, psíquicas ou sensoriais agás que estas incapaciten para o bon desenvolvemento das tarefas propias do posto ofertado.